

MONICIÓN DE ENTRADA

Esta tarde imos presenciar unha historia de amor. Anímovos a pechar os ollos e pensar en alguén a quen amedes sin condicións, un fillo ou filla, unha nai, un pai, un irmán ou irmá, unha parella, un amigo ou unha amiga. Con esta persona na mente, pensemos no que estaríamos dispostos a facer por él ou por ela, seguramente deixalo todo cando nos necesite, sacrificar os nosos intereses en favor dos seus, darlle todo o que precise sin pedir nada a cambio, poder estar sempre na súa vida e incluso en moitas ocasións, estar dispostos a cambiarnos por él ou por ela cando sofre e padecer no seu lugar.

Este sentimento é o que Xesús tiña por todos nós, por toda a humanidade.

Nesta tarde de Xoves Santo, a través dunha serie de xestos que lembraremos ao longo desta celebración, Xesús transmítenos todo o amor de Deus.

[Canto entrada: Vengo aquí mi Señor.](#)

PERDÓN

(Ricardo) Ningún vínculo de amor tén lugar sin erros e sin a posibilidade de ser mellores cada día. Por iso, Señor, queremos pedirche perdón por esas ocasións nas que non actuamos coma ti esperas de nós.

- É sinxelo amar a quen nos quere ben, pero custa facelo cando alguén nos dana. Polas veces nas que deixamos que no noso corazón entren o odio ou o rancor, **Señor, ten piedade de nós.**
- Xesús, ti dixéchesnos que non viñas a ser servido, sinon a servir, pero hai momentos nos que por fachenda ou orgullo non actuamos coma ti, e non nos achegamos nin prestamos axuda a quen máis o precisa. **Cristo, ten piedade de nós.**
- O amor de Deus e de Xesús non entendía de parentescos, razas, nacionalidades, relixións, xénero, condicións sexuais, condicións políticas ou clases sociais; era maior canto máis falto de amor estaba quen tiña ao seu carón. Polas ocasións nas que non soupemos recoñecer ao próximo, acollelo e darlle alento e cariño, **Señor, ten piedade de nós.**

(Ricardo) Que Deus co seu amor misericordioso teña piedade de nós, perdoe os nosos pecados e nos leve á vida eterna. Amén.

Canto perdón: Arrepentido.

MONICIÓN ÁS LECTURAS.

As lecturas e o Evanxeo de hoxe fálannos dos grandes actos de amor de Deus ao longo da historia da humanidade: a liberación do pobo xudeu da esclavitude, que lembraban coa celebración da Pascua, a entrega de Xesús para salvarnos, deixándonos o seu corpo e o seu sangue nas formas de pan e viño, e o legado de servicio e amor aos demais a través do resto de lavarlles os pés aos seus discípulos.

PRIMEIRA LECTURA.

Canto interleccional: A palabra de Deus.

SEGUNDA LECTURA.

EVANXEO.

MONICIÓN AO LAVATORIO DE PÉS.

Dixemos antes que Xesús pasou a súa vida servindo e amando sin poñer ningunha condición, e así se expresou na Última Cea e así o realizou lavándolle os pés aos seus discípulos. Este xesto é o que agora vai repetir Ricardo con algúns de nós. Sintamos as súas mans como as mans de Xesús, e mentres observamos, e escoitamos a música, deixémonos acoller por Él e pensemos en cómo podemos nós seguir o seu exemplo e actuar servindo aos demais.

Canto lavatorio: Tierra firme.

ORACIÓN DOS FIEIS.

(Ricardo) O amor non é abstracto, o amor é concreto e real, é servicio e é o que nos identifica como discípulos de Xesús. Pidámoslle a Deus que nos axude a que este amor concreto se manifeste no noso mundo dicindo:

Señor, axúdanos a entender o que nos pides.

- Por quenes foron chamados ao ministerio sacerdotal, dexeito especial por Ricardo, para que o Señor que instaurou neles a vocación de servicio actúe no seu vivir día a día. Oremos:

Señor, axúdanos a entender o que nos pides.

- Pola gran familia dos cristiáns, que moitas veces estamos divididos, para nesta lembranza da Última Cea que hoxe celebramos, saibamos entender a petición de unidade e fraternidade que ti nos fas. Oremos:

Señor, axúdanos a entender o que nos pides.

- Polos que máis precisan que na súa vida alguén lles lembre a forza do amor, para que descubran a pegada de Deus nos que teñen preto. Oremos:

Señor, axúdanos a entender o que nos pides.

- Por todas e todos nós, que estamos aquí hoxe reunidos comezando o Tríduo Pascual, para que ante a lembranza da paixón e morte de Xesús non perdamos a esperanza e a ledicia do verdadeiro fin que é a Pascua. Oremos:

Señor, axúdanos a entender o que nos pides.

(Ricardo) Señor, axúdanos a entender o que nos pides e a vivir facendo honra ao teu sacrificio de servicio e amor, por Xesucristo noso Señor.

OFRENDAS

Nesta tarde de Xoves Santo conmemoramos tres acontecementos moi importantes para todos os cristiáns que agora imos ofrecer no altar.

1. **A INSTITUCIÓN DO SACERDOCIO:** Ofremos esta ESTOLA e con ela a vida de todos os sacerdotes e persoas de vida consagrada que se adican cada día a ser as mans Xesús no mundo de hoxe.
2. **O MANDAMENTO SOBRE A CARIDADE FRATERNA:** Nesta TOALLA que lembra o xesto de servicio de Xesús ofrecemos o noso compromiso de levar a cabo o seu novo mandamento: Amar aos demais coma Él nos amou.
3. **A INSTITUCIÓN DA EUCARISTÍA:** Con este PRATO e este VASO, similares aos que Xesús usaría nesa última cea que quixo compartir cos seus amigos e que encheu co pan e o viño que serían o seu corpo e o seu sangue, ofrecemos á nosa comunidade, para que xuntos en cada celebración da Eucaristía nos deixemos inspirar por ese grupiño de amigos que espallou a mensaxe de Xesús cheos do seu Espírito.

Canto ofertorio: Haced un lugar.

Canto Santo: Santo, Santo (Santo,Santo)

Canto Noso pai: En el mar.

Canto paz: La paz te doy a ti mi hermano.

Canto comunión: Como el padre me amó.

ANTES DA PROCESIÓN

Despois da Última Cea, Xesús foi cos seus apóstolos ao horto de Xetsemaní a orar, antes de que o apresaran e comezara así a súa paixón, para morrer ao día seguinte na cruz. Como aos apóstolos, pídenos a nós tamén vixiar e orar con Él. Agora dispoñémonos a acompañar ao Santísimo ata o monumento na Capela onde a continuación terá lugar a Hora Santa. Comentar tamén que o Via Crucis será mañá ás 11:00 e polo tarde ás 18 teremos a celebración da Paixón.

Canto procesión: No adoréis a nadie.

ACCIÓN DE GRACIAS E ORACIÓN FINAL

Nesta tarde de fraternidade, pon Señor nos meus ollos miradas serenas que infundan confianza e serenidade.

Pon na miña boca as palabras adecuadas para orientar as accións correctas, falar de amor e difundir a túa mensaxe, proclamar o teu Reino.

Pon na miña mente pensamentos rectos, limpos, xustos, firmes, renovadores.

Pon nos meus oídos a capacidade de escoita, e a actitude idónea para escoitar a cantos precisen de min.

Pon nos meus beizos sorrisos auténticos e palabras prudentes que infundan paz, acollida, alegría e optimismo.

Pon nas miñas mans as caricias máis tenras e o soporte máis firme para quenes as demanden.

Pon no meu corazón os sentimentos máis nobles e a capacidade de amar sen límites.

Pon nos meus pes a forza de camiñar sin desfalecer, ata facer realidade as utopías que nos axuden a implantar o teu Reino na terra.

Grazas Señor polo teu amor.